

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de novembro de 2021**

Ás 18.17 horas do día 18 de novembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de outubro de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 21 de outubro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON MANUEL VILLANUEVA DE CASTRO.

A Sra. presidenta indica que no expediente para o outorgamento do título honorífico de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao comunicador Manuel Villanueva de Castro, será o seu instrutor o deputado provincial e vicepresidente segundo don César Manuel Fernández Gil. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente. Trátase de ditaminar a decisión de iniciar o dito expediente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da/do deputada/o non adscritos (2), e a abstención do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente de outorgamento do título honorífico de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense a don Manuel Villanueva de Castro, mediante a seguinte providencia do 9 de novembro de 2021:

“Unha vez vista a recoñecida traxectoria de don Manuel Villanueva de Castro, nado en Marín (Pontevedra) e 1957, e a súa intensa relación coa nosa provincia, que inicia mesmo dende a infancia e a adolescencia, xa que pasaba de forma habitual a primeira quincena do mes de setembro na vila do Carballiño, localidade a que seguiu vencellado posteriormente, na súa etapa profesional na Radio Autonómica Galega e na TVG, asistindo anualmente para colaborar e cubrir a información das Xociviga. Despois, tanto na súa etapa en Canal+, como na actualidade como director xeral de contidos de Telecinco e Mediaset España, Manuel Villanueva, tense caracterizado por un apoio permanente a cantas iniciativas se lle teñen

proposto dende Ourense, contando sempre co seu apoio persoal e a súa inestimable influencia por ser recoñecido actualmente como un dos directivos máis importantes da televisión en España.

De conformidade co artigo 10 do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a Presidencia. Sen prexuízo disto, considérase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.

*Polo exposto, **DISPOÑO**:*

1º.- Incoar o expediente para o outorgamento do título honorífico de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao comunicador Manuel Villanueva de Castro.

2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente segundo don César Luís Fernández Gil como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º.- Solicitalle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A Sra. presidenta dá resposta ás preguntas realizadas na pasada comisión informativa. En primeiro lugar dá resposta á pregunta realizada por don Bernardo Varela do BNG sobre o albergue do mosteiro de Oseira. Sinala que está dispoñible dende o 18.06.2020 na plataforma de contratos públicos de Galicia, onde figura o proxecto.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que o presidente xa o informou no Pleno. Xa accederon ao expediente no que detectan algún erro sobre o espazo que é propiedade da Deputación Provincial. Engade que lle sorprendeu que non hai litografía sobre como vai quedar, so hai planos básicos, e no existía ningún tipo de informe de patrimonio sendo un BIC.

A Sra. presidenta dá resposta á pregunta realizada polo Grupo do PS de G-PSOE, sobre o Rally España. Sinala que o Motoclube A Peroxa comunicou a suspensión da proba ao non

conseguir os permisos necesarios para poder realizala, polo que a Deputación non colaborou economicamente con esta proba.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta sobre o estado no que están os preparativos da Copa de Remo “Coupe de la Jeunesse” prevista en Castrelo de Miño.

A Sra. presidenta responde que os técnicos están elaborando a proposta de contratación. Cando teñan os pregos xa a disposición, trasladaráselles aos grupos políticos.

E, ás 18.24 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.